ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Bolsas de emprego

BOLSA DE EMPREGO ENXEÑEIROS/AS INDUSTRIAIS

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11 de decembro de 2015, adoptou o seguinte acordo, aprobando as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos como Enxeñeiros/as Industriais:

"Primeiro.- Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego de Enxeñeiros/as Industriais, e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación integra no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

Segundo.- Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Resolución de 19 de xuño do 2015.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ANEXO

BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2005, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO (E.B.E.P), PARA ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL (SUBGRUPO A1)

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

E obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha bolsa de emprego de Enxeñeiro/a Industrial, que permita a cobertura interina de enxeñeiros/as industriais, prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Edita: Deputación de Pontevedra • Depósito legal: PO 1-1958 • Tel 986 804 100 • www.boppo.depo.es • boppo@depo.es

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66

II.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización do proceso selectivo, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e, manter ata o momento do correspondente nomeamento, os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.
b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015.
d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
e) Estar en posesión do título académico oficial de Grao en enxeñería industrial ou equivalente.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do Documento Nacional de Identidade ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inescusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, de fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Edita: Deputación de Pontevedra • Depósito legal: PO 1-1958 • Tel 986 804 100 • www.boppo.depo.es • boppo@depo.es

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de Enxeñeiro Industrial.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na páxina municipal www.vigo.org dentro da sección “Ofertas de Emprego” e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerase de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III.-SISTEMA DE SELECCION

O sistema de selección para esta bolsa de traballo será o de oposición libre.

IV.-FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes

Consistirá en contestar por escrito, durante un período máximo de dúas horas, a 4 temas elixidos ao chou mediante sorteo público, que se celebrará polo Órgano de selección en presenza dos/das aspirantes, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado dos temas “A) Temas Xerais” e o resto ao apartado “B) Temas Específicos”.

Edita: Deputación de Pontevedra • Depósito legal: PO 1-1958 • Tel 986 804 100 • www.boppo.depo.es • boppo@depo.es

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66

Neste exercicio avaliaranse os coñecementos sobre os temas expostos, a claridade e orde de ideas, a facilidade de exposición escrita e a capacidade de síntese e o rigor e precisión na súa exposición.

Esta proba deberá ser lida obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e concluída a lectura da totalidade dos temas, este poderá pedirlle ao aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en desenvolver por escrito durante un período máximo de tres horas, dous supostos teórico-prácticos que formulará o órgano de selección, inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza. Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos; non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios así como de dispositivos dixitais. Os e as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, o que poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao aspirante calquera aclaración que considere oportuna, sobre o suposto práctico desenvolvido. Neste exercicio avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter obrigatorio e non eliminatorio. Proba de informática

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos linux/windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), así como coñecementos básicos de Sistemas CAD e de Información Xeográfica no tempo que estableza o órgano de selección. Dita proba avaliarase de 0 a 2 puntos.

Cuarto exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento do idioma galego, que determinará Órgano de Selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

Edita: Deputación de Pontevedra • Depósito legal: PO 1-1958 • Tel 986 804 100 • www.boppo.depo.es • boppo@depo.es

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Anexo I), aos que se lle asignarán 2 puntos.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferencia de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público

V.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A solicitude dirixirase ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo e presentarase no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á

Edita: Deputación de Pontevedra • Depósito legal: PO 1-1958 • Tel 986 804 100 • www.boppo.depo.es • boppo@depo.es

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66

instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base I anterior ("Condicións dos aspirantes e acreditación documental") e, no seu caso, do título CELGA 4, ou equivalente homologado.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986225226 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e páxina web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org.

VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, que deberán estar integrados no subgrupo A1 de titulación, debendo ter todos eles titulación igual á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

Edita: Deputación de Pontevedra • Depósito legal: PO 1-1958 • Tel 986 804 100 • www.boppo.depo.es • boppo@depo.es

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

— Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrado encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

— Un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vogais:

— Un funcionario/a de carreira do Concello de Vigo, encadrado/a no subgrupo A1 de titulación con titulación igual ou superior a esixida para o acceso ao grupo A1 de titulación, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerá en todo caso a título individual.

— Dous funcionarios/as do Concello de Vigo, dos seus organismos autónomos ou de calquera das Administracións Públicas territoriais, integrados/as no Subgrupo A1 de titulación, e que pertenzan a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado e, que comparecerán en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución.

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun/dunha funcionario/a do Servizo de Recursos Humanos deste Concello, que desenvolverá tarefas de apoio ao Órgano de Selección e baixo as instrucións directas do mesmo.

Os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerase no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unha praza de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa unha praza de Enxeñeiro Industrial nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renuncien expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto pasarán a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantilo dereito constitucional á igualdade de oportunidades de todos os aspirantes que teñen superado as probas.

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66

TEMARIO

A) TEMARIO XERAL

Tema 1. A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.

Tema 2. A Unión Europea: orixe, institucións e fontes. Órganos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros. A Comisión. O Parlamento Europeo: Composición e atribucións.

Tema 3. O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.

Tema 4. O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadroamento.

Tema 5. Organización municipal. Competencias.

Tema 6. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.

Tema 7. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

Tema 8. O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.

Tema 9. Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Contido e forma decontrato.

Tema 10. Procedemento de adxudicación dos contratos do sector público.

Tema 11. Os recursos administrativos: concepto e clases. O recurso contencioso administrativo.

Tema 12. Principios orzamentarios na Lei reguladora de facendas locais.

B) TEMARIO ESPECÍFICO

Tema 1. Variables e parámetros fundamentais do tráfico, relacións entre eles. Capacidade e nivel de servizo, intensidade de servizo. Características do fluxo de tráfico: variación, distribución e composición. Modelos para a previsión do futuro da mobilidade; proxectos actuais de mobilidade do Concello de Vigo.

Edita: Deputación de Pontevedra • Depósito legal: PO 1-1958 • Tel 986 804 100 • www.boppo.depo.es • boppo@depo.es

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66

Tema 2. Competencias en materia de tráfico e circulación de vehículos a motor e seguridade vial, as atribucións dos municipios. Coordinación das administracións. Textos legais vixentes sobre circulación. A ordenanza complementaria de tráfico do Concello de Vigo. Outras normas municipais.

Tema 3. Regulación de tráfico en intersección urbanas. Rotondas e/ou semáforos.

Tema 4. Elementos de seguridade activa en vehículos. A inspección técnica de vehículos, antecedentes e método de inspección. Obrigatoriedade e exención da ITV, resultado da inspección.

Tema 5. A contratación pública, lexislación vixente. Actuacións administrativas preparatorias dos contratos. Procedementos e formas de adxudicación. Anteproxectos e proxectos. Replanteo e prego de cláusulas administrativas particulares. Tipos de expedientes de contratación. Formalización do contrato.

Tema 6. Normas sobre aparatos de transporte vertical e escaleiras de intemperie.

Tema 7. Normas sobre climatización, calefacción e auga quente sanitaria. Climatización xeotérmica, vantaxes e inconvenientes. Coeficiente global de transmisión de calor dos edificios (Kg). Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE). Instrución técnica 1 do RITE.

Tema 8. Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Normativa vixente.

Tema 9. Fontes de enerxía renovábel: eólica, solar e xeotérmica.

Tema 10. Tecnoloxías de almacenamento de enerxía eléctrica.

Tema 11. Iluminación viaria. Criterios de decisión. Selección da clase de alumeado. Area de referencia. Iluminación de soportes de gran altura. Cálculos luminotécnicos. Implantación dos sistemas de iluminación.

Tema 12. Iluminación de túneles. Problemática visual dos tuneis. Luminancia de velo e distancia de seguridade. Sistemas de alumeado. Clasificación de tuneis. Iluminación das diferentes partes. Iluminación de emerxencia. Deseño xeral.

Tema 13. Contaminación lumínica. Zonificación. Criterios de elección dos aparatos de iluminación. Limitación do fluxo. Características dos pavimentos. Efectos da contaminación. Recomendacións para a redución da contaminación.

Tema 14. Fontes de luz: tipos e parámetros principais. Tipos de lámpadas utilizadas no alumeado público de viais. Tecnoloxía LED.

Edita: Deputación de Pontevedra • Depósito legal: PO 1-1958 • Tel 986 804 100 • www.boppo.depo.es • boppo@depo.es

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66

Tema 15. Equipos auxiliares das lámpadas de descarga e de LED. Compensación do factor de potencia. Equipos de aforro de enerxía.

Tema 16. Cálculos eléctricos de alumeado urbano. Normativa vixente. Cálculo de seccións de condutores. Caída de tensión. Cadros de mando. Métodos para aforro de enerxía. Canalizacións. Condutores, tipos e especificacións. Conexión a terra.

Tema 17. Regulamento Municipal regulador das instalacións de alumeado público no termo municipal de Vigo.

Tema 18. Regulamento electrotécnico de baixa tensión. Aplicación no ámbito municipal.

Tema 19. Protección contra sobreintensidades. Protección contra sobretensións. Protección contra contactos directos e indirectos. Postas a terra.

Tema 20. Instalacións eléctricas en locais de pública concorrencia. Servizos de seguridade. Alumeado de emerxencia, de seguridade e reemprazamento. Prescricións xerais e complementarias da instalación eléctrica.

Tema 21. Sector eléctrico español. Rede de transporte. Competencias, planificación, requisitos técnicos, operatividade, mantemento, calidade do servizo e perdas. Rede de distribución. Acometidas. Comercialización. Subministros. Calidade de servizo. Facturación eléctrica. Estrutura tarifaria.

Tema 22. Redes aéreas para distribución en baixa tensión. Materiais. Condutores, illadores, elementos de subxección, apoios e tirantes. Cálculos mecánicos. Execución das instalacións. Cruzamentos e paralelismos. Intensidades máximas admisibles.

Tema 23. Redes soterradas para distribución en baixa tensión. Condutores. Execución das instalacións. Cruzamentos e paralelismos. Intensidades máximas admisibles.

Tema 24. Centros de transformación. Normativa. Clasificación e alimentación. Proxecto. Características xerais. Compoñentes básicos. Celas MT, trafos e celas BT. Protección. Postas a terra. Ventilacións. Instalacións auxiliares.

Tema 25. Grupo electróxeno. Tipos. Normativa. Elementos principais. Funcionamento. Mantemento.

Tema 26. A Lei estatal do ruído. A Lei de protección contra a contaminación acústica. O regulamento de protección contra a contaminación acústica de Galicia .

Tema 27. A contaminación acústica: o ruído. Medida do ruído. Fontes do ruído. Protección contra o ruído do tráfico. A ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica do Concello de Vigo.

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66

Tema 28. Propagación do son. Illamento de elementos construtivos e de elementos mixtos. Materiais e dispositivos absorbentes. Teoría do apantallamento. Silenciadores acústicos.

Tema 29. Medicións acústicas. Instrumentación básica de medida. Sonómetros: calibradores, filtros, sensibilidade, tipos, homologacións, verificacións. Rexistradores. Procedemento de medida de niveis sonoros: selección de punto de medida, correccións por ruído de fondo. Medida de illamento.

Tema 30. Manual de procedementos do Concello de Vigo para a medición de ruídos e vibracións.

Tema 31. Ordenanza xeral reguladora das obras e as conseguintes ocupacións necesarias para a implantación de servizos na vía pública: principios e normas xerais, licenzas, sinalización e balizamento das ocupacións na vía pública, inspección municipal. Protección de elementos vexetais nos traballos de construción.

Tema 32. O código técnico da edificación: disposicións xerais. Contido. Condicións técnicas e administrativas. Condicións do proxecto, na execución da obra e do edificio. Documento DB-SI.

Tema 33. A ventilación. Tipos. Clasificación de ventiladores. Curva característica. Deseño. Construción. Mantemento.

Tema 34. CTE-DB-SI. SI1 Propagación interior. SI 2 Propagación exterior. SI 3 Evacuación de ocupantes. SI 4 Instalacións de protección contra incendios.

Tema 35. CTE-DB-SI. SI 5 Intervención de bombeiros. SI 6 Resistencia ó lume da estrutura. Anexos SI.

Tema 36. A regulamentación de Instalacións de Protección contra incendios. Normativa vixente. Sistemas fixos de extinción. Detección automática. Extintores: tipos, características e eficacia.

Tema 37. O regulamento de seguridade contra incendios nos establecementos industriais; normativa vixente. Obxecto e ámbito de aplicación. Caracterización dos establecementos industriais. Sectorización.

Tema 38. Lexislación estatal e autonómica sobre protección ambiental, avaliación do impacto ambiental e efectos ambientais. Grao de protección e autorización das actividades. Competencias administrativas sobre prevención e control da contaminación.

Tema 39. Abastecemento de augas. Estimación de poboacións. Dotacións. Características físicas, químicas e biolóxicas que rexen as augas destinadas a consumo humano. Toma de mostras, localización e periodicidade.

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66

Tema 40. Depósitos de regulación. Capacidade. Previsións. Ubicación. Depósitos de cabeceira e cola, misión de ambos. Tipos de depósitos, tomas de augas. Esquema da caseta de válvulas dun depósito de regulación. Procedencia das augas de abastecemento.

Tema 41. Conducións, tipos. Elección do tipo de condución. Redes de distribución. Cálculo dunha rede aberta. Determinación de caudais. Velocidades e presións máxima e mínima. Sistemas de control de presión dunha rede xeral de distribución, con presións diferenciais entre 3 e 15 Kg/cm2. Precaucións a ter en conta en cada toma privada no suposto anterior.

Tema 42. Características das redes municipais de distribución de auga. Conducións principais e secundarias. Conexións e acometidas. Explotación dunha rede municipal de augas. Equipos de medida. Contadores. Rede de incendios. Outras redes.

Tema 43. Estacións de tratamento de augas potables. Procesos e elementos que as compoñen: Decantación, Filtración e Desinfección.

Tema 44. Corrosión e protección de tuberías. Fundamentos básicos de corrección: Definición, tipos de corrosión (química e electroquímica) Mecanismo electroquímico, corrosión galvánica. Corrosión por aireación diferencial. Corrosión por correntes vagabundas.

Tema 45. Bombeos de augas de abastecemento. Tipos de bombas. Cálculo do NPSH. Golpe de ariete, definición, cálculo elemental e métodos para diminuílo.

Tema 46. Configuración da rede de abastecemento do Concello de Vigo. Deficiencias na mesma.

Tema 47. Redes de saneamento: tipos, trazado, elementos dos que consta. Caudais de cálculo. Intensidade de choiva. Coeficiente de escorrentía. Determinación de caudais. Redes de saneamento municipais. Mantemento e explotación dunha rede de saneamento municipal. Aliviadoiros e tanques de tormenta.

Tema 48. Configuración da rede de saneamento do Concello de Vigo. Deficiencias na mesma.

Tema 49. Pretratamento de augas residuais. Desareñadores: xustificación, tipos e cálculo. Desengraxadores: tipos e cálculo. Reixas de desbaste: tipos e cálculo. Cálculo dun canal de auga residual, velocidades límite e pendentes mínimas.

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66

Tema 50. Variables que interveñen no cálculo dun emisario submarino para verquido ao mar de augas residuais urbanas. Os emisarios submarinos no Concello de Vigo.

Tema 51. Decantadores primarios dunha EDAR. Cálculo do decantador primario. Carga superficial. Tempos de retención. Purga de lodo e a súa concentración. Sistemas de purga. Inclinación no fondo dun decantador primario e velocidade tanxencial máxima recomendada no sistema de arrastre de lodos.

Tema 52. Decantadores secundarios dunha EDAR. Cálculo do decantador secundario. Obxecto e tipos de decantadores secundarios. Parámetro que o define e elementos principais dos que consta.

Tema 53. Tratamento biolóxico nunha EDAR. Conceptos xerais. Definición de DBO e DQO5, e relación entre ambos en augas residuais urbanas sen influencia de verquidos industriais. Cálculo do osíxeno teoricamente necesario para a depuración biolóxica en función do sistema elixido, e correccións a realizar en función da altitude, puntos de contaminación e sistema de transferencia elixido. Sistemas de insuflación do osíxeno na auga.

Tema 54. EDAR's instaladas no Concello de Vigo. Sistema de funcionamento das mesmas.

Tema 55. Regulamento vixente de Abastecemento e Saneamento do Concello de Vigo. Deficiencias máis notables.

Tema 56. Redacción de proxectos. Requisitos xerais. Documentos básicos. Dirección de obra. Certificado de fin de obra. Libro de ordes e asistencias. Libro de incidencias. Coordinador de Seguridade e saúde.

Tema 57. Mantemento. Xestión de mantemento. Tipos e modelos de mantemento. Plan de mantemento. Elaboración e execución. Custes. Contratos de mantemento.

Tema 58. Aceiro. Tipos de aceiros. Características mecánicas e tecnolóxicas. Corrosión. Aleacións. Impurezas. Tratamentos. Mecanizados. Ensaios mecánicos. Galvanización.

Vigo, data segundo sinatura electrónica.—O Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015).—Javier Pardo Espiñeira.

Código seguro de verificación: 0GEP8JNTI3DHJC66